

CHUS PATO

Traducción de ANA GORRIA y GONZALO HERMO

A muller do escudeiro non deberá roubar ao escudeiro
revisará continuamente a roupa nos armarios.

A muller do escudeiro deberá facerlle ao escudeiro, todas as noites,
un cárdeno brocado na cintura.

O escudeiro non poderá masturbarse.

Pero eu
roubei a luz da túa boca
a luz
a boca.

(Urania)

La mujer del escudero no deberá robar al escudero
revisará continuamente la ropa en los armarios.

La mujer del escudero deberá hacerle al escudero, todas las noches,
un cárdeno brocado en la cintura.

El escudero no podrá masturbarse.

Pero yo
robé la luz de tu boca
la luz
la boca.

(Urania)

Certo; é posíbel estar namorado dun obús
é posíbel estar namorado da vulva dunha egua
e contemplar como devagar as vacas se envelenan.
É posíbel afirmar que o sexo dunha trincheira é máis longo que o
sexo da máis longa das serpentes
porque tamén as trincheiras falan
no idioma no que falou Morgana.
É posíbel dicir que as moscas, as do inimigo, tratan de impedir a
chegada dunha carta, a túa.
Que Pío X é o home máis moderno do teu século
e disfrazar un tristísimo emigrante co traxe dun lord morto.

Detesto o poder destas palabras.
Hai pouco que estou aquí.
Balbuzo.

(Urania)

Cierto, es posible estar enamorado de un obús
 es posible estar enamorado de la vulva de una yegua
 y contemplar cómo despacio las vacas se envenenan.
Es posible afirmar que el sexo de una trinchera es más largo que el
sexo de la más larga de las serpientes
porque también las trincheras hablan
en el idioma en el que habló Morgana.
Es posible decir que las moscas, las del enemigo, tratan de impedir la
llegada de una carta, la tuya.
Que Pío X es el hombre más moderno de tu siglo
y disfrazar un tristísimo emigrante con el traje de un lord muerto.

Detesto el poder de estas palabras.
Hace poco que estoy aquí.
Balbuceo.

(Urania)

o meu corazón segue un ritmo veloz tal astro, mellor sería ocuparse dos xeranos,
alieníxenas
—entra
tócaos, tapizan a cela, úteros-Pausílipo, áureos, coma vélaros.
Aquí escoitarás falar, todo isto sobre da capacidade reprodutora das femias da especie
biolóxica e non tan biolóxica, modélica
para outras tantas formas
—queda claro? porque debe quedar claro; a saber: que NINGUNHA
MADRE-NATUREZA agarda para nós. E tampouco a NÓS-defuntos, que ningún de nós
poderá xa máis nunca disolverse en ningunha MADRE-natureza. ÉTER. Agás algún de nós
(retardatarios)
COMO METÁFORAS
ETERNAMENTE
AGRARIAS

elíxes o vieiro máis triste
unha paisaxe verde: glacée
así rematan os outonos

porque nós brincamos sen rede, para iso tomamos «lección de abismos»
Debo ser amable
buscar accións que me fagan sorrir
Así sobrevivimos:
ti e mais eu, meu alien favorito
fóra da matriz

ao igual que grandes Ursos-brancos sobre os témpanos de Groenlandia

(m-Talá)

mi corazón sigue un ritmo veloz tal astro, mejor sería ocuparse de los geranios,
alienígenas
—entra
tócalos, tapizan la celda, úteros-Pausílipo, áureos, como vellones.
Aquí oirás hablar, todo esto sobre la capacidad reproductora de las hembras de la especie
biológica y no tan biológica, modélica
para otras tantas formas
—¿queda claro? porque debe quedar claro; a saber: que NINGUNA
MADRE-NATURALEZA aguarda para nosotros. Y tampoco a NOSOTROS-difuntos,
que ninguno de nosotros podrá jamás disolverse en ninguna MADRE-naturaleza. ÉTER.
Salvo algunos de nosotros (retardatorios)
COMO METÁFORAS
ETERNAMENTE
AGRARIAS

eliges el sendero más triste
un paisaje verde: glacée
así rematan los otoños

porque nosotros saltamos sin red, por eso tomamos «lección de abismos»
Debo ser amable
buscar acciones que me hagan sonreír
Así sobrevivimos:
tú y yo, mi alien favorito
fuera de la matriz

igual que grandes Osos-blancos sobre los témpanos de Groenlandia

(m-Talá)

PORQUE NON É SÓ O IDIOMA O QUE ESTÁ AMEAZADO SENÓN A NOSA PROPIA CAPACIDADE LINGÜÍSTICA, sexa cal sexa o idioma que falemos

A LINGUA É PRODUCCIÓN, a lingua produce, produce COMUNICACIÓN PRODUCE PENSAMENTO, PRODUCE CAPACIDADE POÉTICA, produce ganancia e beneficio, PRODÚCENOS como HUMANOS, prodúcenos como FELICIDADE

A lingua é PRODUCCIÓN, de aí os intentos do CAPITAL por PRIVATIZAR a lingua, por deixarnos SEN PALABRAS

A LINGUA, calquera LINGUA NO CAPITAL, tende ao esvaecemento, tende a converterse en algo que se consome. En algo que xa non PRODUCIMOS os falantes, senón o que o CAPITAL, no seu intento de privatizarnos, PRODUCE PARA NÓS

No CAPITAL os creadores da Lingua, os falantes, pasan a ser

CONSUMIDORES; a Lingua, calquera Lingua no Capital, pasa a ser un produto de consumo, o mesmo que calquera outra MERCADORÍA

LINGUA-SERVIDUME LINGÜÍSTICA
KAPITAL-KILLER
ASASINA

con Paco Sampedro

(m-Talá)

PORQUE NO ES SOLO EL IDIOMA EL QUE ESTÁ AMENAZADO SINO NUESTRA PROPIA CAPACIDAD LINGÜÍSTICA, sea cual sea el idioma que hablemos

LA LENGUA ES PRODUCCIÓN, la lengua produce, produce COMUNICACIÓN PRODUCE PENSAMIENTO, PRODUCE CAPACIDAD POÉTICA, produce ganancia y beneficio, NOS PRODUCE como HUMANOS, nos produce como FELICIDAD

La lengua es PRODUCCIÓN, de ahí los intentos del CAPITAL por PRIVATIZAR la lengua, por dejarnos SIN PALABRAS

LA LENGUA, cualquier LENGUA EN EL CAPITAL, tiende a desvanecerse, tiende a convertirse en algo que se consume. En algo que ya no PRODUCIMOS los hablantes, sino que el CAPITAL, en su intento de privatizarnos, PRODUCE PARA NOSOTROS

En el CAPITAL los creadores de Lengua, los hablantes, pasan a ser

CONSUMIDORES; la Lengua, cualquier Lengua en el Capital, pasa a ser un producto de consumo, igual que cualquier otra MERCANCÍA

LENGUA-SERVIDUMBRE LINGÜÍSTICA
KAPITAL-KILLER
ASESINA

con Paco Sampedro

(m-Talá)

A voz era pánico
e desexaba, insistía, ter hábito(s) no poema

.....

pero non todo pode ser transportado (non a voz, desde logo)

si o espírito que invade ao bardo, entre as uces irtas

e porque chove, os habitantes do poema teñen que abrir os seus paraugas //
sacan o que levan dentro e búscanlle acomodo fóra

[só porque ti pousas a mirada no texto podos comezar coas solucións]

isto é o que consegue Cabaleiro Amábel, facer que seres alienados se
presenten ante o mundo, e moi ao seu pesar, como persoas ceibes

pero só a voz empasta as tres historias
a voz que a escritura non acubilla

así pois, un poeta é un ser ancián.

Máis que entrar o mundo dentro do poema
botar por fóra a escritura, como unha lava lene e transparente, muselina

tanto ceo
tanta primavera

ves, isto é un acto político: torcerlles a vontade aos que obedecen

pero falta o contexto.

E que dicir dos soportes!, cando xa o papel non atura e só é concibíbel unha
parede e a proxección de letras dixitais (seguramente nun museo ou nos
paneis da autoestrada) ou esas mesmas frases envolvendo como cintas
luminosas os corpos dos viandantes que dialogan sobre o voar das aves ou os
bucles dos miñatos que se mimetizan coas árbores cando estenden as ás coma
un niño

a teoría é esa violencia ética do intanxíbel

e está o problema do eu, cantos? e das situacións

prefiro o meu pánico a entrar nas librerías, excluíndote a ti, que me abandonas en calquera lugar, sen cartos, ou dentro do coche sen freo de man. Visitamos unha cidade para lembrar os edificios das cidades

os soños non son teoría, e agora temos que quedar aquí porque ti non queres espertar, neste palacete de urbanización privada, con outros moitos e moitas da nosa condición. Esta noite os nosos asasinados están bébedos ou pechados no váter

dunha vez para sempre nada hermético, nin críptico (que nunca nosoutros escribimos) e pono xa en órbita, con todos os nosos espléndidos matos e carqueixas.

E fíxate como se torna doce a verdade, cando descalza te mantés, ingrávida? na placenta dos amieiros

**

as sinapses volven, a inquietante floración de abril

(Hordas de escritura)

La voz era pánico
y deseaba, insistía, tener hábito(s) en el poema

.....

pero no todo puede ser transportado (no la voz, desde luego)

sí el espíritu que invade al bardo, entre los brezos yertos

y porque llueve, los habitantes del poema tienen que abrir sus paraguas //
sacan el que llevan dentro y le buscan acomodo fuera

[solo porque tú posas la mirada en el texto puedo comenzar con las soluciones]

esto es lo que consigue Caballero Amable, hacer que seres alienados se
presenten ante el mundo, y muy a su pesar, como personas libres

pero solo la voz empasta las tres historias
la voz que la escritura no cobija

así pues, un poeta es un ser anciano.

Más que entrar el mundo dentro del poema
hacer que la escritura se desborde, como una lava suave y transparente,
muselina

tanto cielo
tanta primavera

¿ves?, esto es un acto político: torcerles la voluntad a los que obedecen

pero falta el contexto.

¡Y qué decir de los soportes!, cuando ya el papel no soporta y sólo es
concebible una pared y la proyección de letras digitales (seguramente en un
museo o en los paneles de la autopista) o esas mismas frases que envuelven
como cintas luminosas los cuerpos de los viandantes que dialogan sobre el
volar de las aves o sobre los bucles de los milanos que se mimetizan con los
árboles cuando extienden las alas como un nido

la teoría es esa violencia ética de lo intangible

y está el problema del yo ¿cuántos? y de las situaciones

prefiero mi pánico a entrar en las librerías, excluyéndote a ti, que me abandonas en cualquier lugar, sin dinero, o dentro del coche sin freno de mano. Visitamos una ciudad para recordar los edificios de las ciudades

los sueños no son teoría, y ahora tenemos que quedarnos aquí porque no quieres despertar, en este palacete de urbanización privada, con muchos otros y otras de nuestra condición. Esta noche nuestros asesinos están borrachos o encerrados en el váter

de una vez por todas nada hermético, ni críptico (que nunca nosotros escribimos) y ponlo ya en órbita, con todos nuestros espléndidos arbustos y carquesas.

Y fíjate cómo se vuelve dulce la verdad, cuando descalza te mantienes ¿ingrávida? en la placenta de los alisos

**

las sinapsis vuelven, la inquietante floración de abril

(de Hordas de escritura)

Contra os ídolos

Querías
unha palabra
que se mirase
no seu corazón de palabra
que reflectise no seu rostro
toda a beleza do mundo

sería a súa voz a do anxo

como un brâhman
compoñerías un Anna-Viraj
con el crearías un deus

o sacrificio é un deus

e ti nutriríaste de gloria

2 (*política*)

Cando todo goberno cese
cando todas as plumas do anxo caian

canta agora ti
esta páxina en branco

3

Nada contén a páxina
so unha lingua que en si se contempla e acouga

e se abre para que a digas ti eu
calquera

(Carne de Leviatán)

Contra los ídolos

Querías
una palabra
que se mirara
en su corazón de palabra
que reflejara en su rostro
toda la belleza del mundo

sería su voz la del ángel

como un brâhman
compondrías un Anna-Viraj
con él crearías un Dios

el sacrificio es un dios

y tú te nutrirías de gloria

2 (política)

Cuando todo gobierno cese
cuando todas las plumas del ángel caigan

canta ahora tú
esta página en blanco

3

Nada contiene la página
solo una lengua que en sí se contempla y se aquieta

y se abre para que la digas tú yo
cualquiera

(Carne de Leviatán)

Álbum de poetas

Fomento a la lectura a través de poetas contemporáneas

